

Para os efectos deste apartado consideraranse:

- \* Coche de minusválido: aquel automóbil con taxa non superior a 300 kg. E que pola súa construción non pode alcanzar en llano unha velocidade superior a 40 km/hora, proxectado e construído especialmente -e non meramente adaptado- para o uso dunha persoa con algunha disfunción ou incapacidade física.
- \* Coche adaptado para a súa conducción:  
Aquel vehículo que, tendo sido construído en serie, sufrira modificación nalgún dos seus mecanismos tales como: acelerador en pé esquerdo, freo de pé en volante, acelerador á altura das mans, etc., para poder ser conducido por diminuídos físicos e contan tales reformas no apartado “reformas autorizadas” da ficha técnica do vehículo homologada polo organismo competente.
- \* Igualmente, considerárase vehículo adaptado aquel que fabricado con aplicación de novas tecnoloxías, faculte a súa conducción por persoas diminuídas físicas, tales como vehículos automáticos sen pedal de embrague e sempre que conste esta circunstancia no permiso de conducir do titular do vehículo.
- \* Persoa con minusvalía ou discapacitada fisicamente:  
Quen teña esa condición legal en grado igual ou superior ó 33% de acordo co baremo da disposición adicional segunda da Lei 26/1990 de 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social, prestacións non contributivas. Para poder gozar, esta exención deberá solicitarse nos termos que se indican no artigo seguinte:

1.5.—Os vehículos que, tendo unha potencia inferior a 17 cabalos fiscais, estean destinados a seren utilizados como auto-turismos especiais para o transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas, ben directamente ou previa adaptación, circunstancias que deben quedar reflectidas na ficha técnica de vehículo homologada polo organismo competente.

Para os efectos do disposto neste apartado, consideraranse persoas con minusvalía quen cumpran as condicións sinaladas no último parágrafo do apartado 1.4 anterior.

Para o goce da exención prevista neste apartado será preciso xustificar o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

- a) Que o vehículo sexa un autoturismo especial en exclusiva ó transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas.
- b) Que o titular do vehículo non estea suxeito ó imposto sobre actividades económicas por ctividade principal ou complementaria que teña relación co transporte de persoas ou que, estando suxeito, por estas actividades, resultase exento por aplicación da Lei 30/94 de Fundación e Incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

1.6.—Os autobuses urbanos adscritos ó servizo de transporte público en réxime de concesión administrativa outorgada polo municipio de imposición.

1.7.—Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Bonificacións. Gozarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto:

2.1.—Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación.

Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

2.2.—Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

#### ARTIGO 5.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS.

Os efectos de acreditación da antigüidade, se non se poidera acreditar a data de fabricación, o prazo contarase desde a primeira matriculación ou, no seu defecto, dende a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

A concesión de beneficios fiscais tramitarase á solicitude dos suxeitos pasivos a partir da entrada en vigor da Ordenanza que os regule e surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquél en que se formule a solicitude.

Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixouse de fabricar o modelo en cuestión.

O petionario deberá xustificar, asimismo, encontrarse o corrente do pago do Imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

Para poder obter a concesión das exencións a que se refiren as letras d) y f) do art. 94 da Lei 39/88, os interesados deberán solicitar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación en que consten, a realidade do alegado.

No caso da exención prevista no párrafo segundo da letra d) do citado artigo 94, para obter o seu recoñecemento, os suxeitos pasivos ou os seus representantes deberán acreditar as características do vehículo, o seu destino e estar en posesión da correspondente licenza municipal como autoturismo especial para o transporte de persoas que utilicen cadeira de rodas a causa da súa minusvalía.

A notificación na que se resolva a concesión do beneficio fiscal solicitado servirá de documento acreditativo da súa existencia.

#### ARTÍCULO 6.

A devolución das cuotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por éste, e tramitarase conforme ás normas que rixen a devolución de ingresos indebidos.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de seis artigos entrará en vigor el día 1 de xaneiro de 2004 e aplicarase en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

Fornelos de Montes, 20 de decembro de 2003.—O Alcalde, Serafin A. Martínez Martínez. 10098

Transcorrido o prazo de exposición ó público dos acordos provisionais de imposición e ordenación das taxas que de seguido se relacionan, adoptados polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2003, sin que se presentase ningunha reclamación, elévanse a definitivos ditos acordos, segundo o sinalado no artigo 17.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 1.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 da Lei 39/88, contra a aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais das taxas sinaladas, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

O texto das ordenanzas fiscais aprobadas é o seguinte:

#### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

##### Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por en-

tradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

#### Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

#### Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo seguinte.

- Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### Artigo 7º. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

- Nos servicios de retribución periódica, devengarase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

#### Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificárase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

#### Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

#### A N E X O

##### Primeiro. Tarifa.

a) Garaxe individual, ó ano	12,00 euros
b) Garaxe colectivo ata cinco prazas, ó ano	30,00 €
c) Garaxe colectivo de mais de cinco e ata vinte prazas, ó ano	70,00 euros
d) Garaxe Colectivo de mais de vinte prazas, ó ano	150,00 euros
e) Obtención da placa de sinalización homologada	15,00 euros
f) Alta de reserva de entrada de vehículos, incluída placa de sinalización homologada	30,00 euros
g) Reserva de vía pública carga e descarga	20,00 euros.

Segundo. Data de aprobación: 28 de outubro de 2003.

#### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA

##### Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disosto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunales, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

##### Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.